

BOLETÍN INFORMATIVO

O CARBALLIÑO



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

CAMPAÑA DE APOIO Ó
COMERCIO LOCAL

ALUMEADO DE
NADAL

ORZAMENTOS
ESTATAIS

ESTADO DO AUDITORIO

INICIATIVA XABARÍN



CAMPAÑA DE APOIO Ó COMERCIO LOCAL



MELLOR LOCAL, MELLOR GALEGO

A nosa concelleira, Sofía García, e o deputado do BNG no Pazo do Hórreo, Iago Tabarés presentaron a campaña de apoio ó comercio local no Carballiño.



Con esta campaña queren contribuír a paliar o peche de tendas e a destrución de postos de traballo como consecuencia da crise económica xerada pola COVID-19. O obxectivo da campaña é destacar a potencialidade e calidade dos produtos galegos e do comercio de proximidade como motor para a dinamización do pequeno comercio e xerador de postos de traballo.

Dende o BNG animamos á veciñanza a aproveitar estas datas para implicarse co noso comercio, coas nosas feiras e cos nosos produtos. Non esquezamos que O Carballiño vive grazas ós autónomos e empresas que forman parte da nosa vila, non deixemos que O Carballiño morra.



ESTADO DO
AUDITORIO



ALUMEADO DE NADAL



O BNG DENUNCIA O GASTO EXCESIVO E INXUSTIFICÁBEL DO ALUMEADO DE NADAL DO CONCELLO DO CARBALLIÑO

O abultado gasto de 45.980 € no infimo alumedado de Nadal do Carballiño xeran as críticas dos nacionalistas ao goberno municipal ao que demandan explicacións.

O gasto que ven de acometer o goberno municipal do Carballiño no alumeado de Nadal para o concello ascende a 45.980€. Para a voceira do BNG do Carballiño “este gasto é un aténtico despilfarro”, pero ademáis, engade Sofía García “tendo en conta que son unhas cantas luces en determinadas rúas e unha árbore diante da casa do Concello é un gasto excesivo e insustentable a simple vista”

García afirma que este gasto desmesurado xera moitas dúbidas, polo que demandará explicacións ao goberno municipal. “Gustaríanos saber que criterio se seguiu no goberno municipal á hora de elixir as rúas, ou por que nunhas sí e noutras non”

Para a nacionalista tamén chama poderosamente a atención que a empresa á que se lle encomendou a colocación e instalación do alumeado de Nadal no Carballiño sexa unha empresa que ten como actividade oficial “o comercio ao por menor de flores, plantas, sementes, fertilizantes, animais de compañía e alimentos para os mesmos en establecementos especializados”, polo que tamén demandarán explicacións ao goberno municipal por esta extraña adxudicación.

“No Bloque estamos en contra da guerra de luces e apostamos por modelos sostibles, imaxinativos e participativos, non só por subcontratar unhas luces sen máis” afirma a Voceira nacionalista, “canto máis cando se acometen gastos excesivos de dubidosa xustificación e nun contexto con tantas necesidades sociais e económicas que atender no noso municipio”



OS ORZAMENTO XERAIS DO ESTADO MARXINAN DE NOVO AO CARBALLIÑO

O Grupo Municipal do BNG no Concello do Carballiño, denuncia que as contas aprobadas o pasado xoves, esquencen inversións moi necesarias para a vila e o resto da comarca

O pasado xoves o Congreso dos Deputados aprobaba inicialmente os Orzamento Xerais do Estado para o exercicio 2021. Unhas contas presentadas polo PSOE e por Unidas Podemos que discriminan claramente a Galiza ao reducir nun 11,2 % as inversións previstas non noso país.

Os Orzamentos Xerais do Estado continúan a ser insuficientes para as ourensás e ourensáns. O BNG presentou emendas para lograr unha mellora real e incrementar os investimentos nas comarcas ourensáns diante da crise sanitaria, económica e social.

Lembran os nacionalistas que a modernización da vía Ourense-Lugo está incluída grazas ao acordo de investidura acadado polo BNG. Coa desculpa do AVE queren deixar de lado moitas necesidades, como un servizo de tren de proximidade ou cercanías ou a mellora das infraestruturas viarias.

A este respecto, o BNG presentou emendas referidas ao arranxo da estrada Nacional 541 co obxecto de mellorar a seguridade vial da mesma, solventar as deficiencias de tránsito e a falla de seguridade para os viandantes e cuia afectación incide directamente na nosa comarca, concretamente nos Concellos de O Carballiño e Boborás. Pois ben, dita emenda non foi tida en conta polo goberno central e non foi polo tanto incluída no proxecto de orzamentos.

Como tampouco outra das emendas propostas polo BNG do Carballiño e a cal tiña que ver igualmente coa mobilidade dos veciños da comarca, referida esta vez á mellora nas conexións ferroviarias con Ourense e Santiago.


Para fixar poboación no rural e para manter a vida e a actividade nas vilas é imprescindible ofrecerlle aos veciños as mellores opcións de mobilidade posíbeis, por iso, desde o BNG se solicitaba a mellora e renovación dos trens da liña Ourense – Santiago e que tanto afectan ao noso concello e comarca. Pois ben, unha vez máis e sen ningún tipo de xustificación, tampouco foi tida en conta no proxecto de orzamentos.

Valoran tamén negativamente os nacionalistas, que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e o de Ciencia e Innovación non destinen absolutamente nada para O Carballiño. É sorprendente que coas graves carencias de conectividade que ten a comarca, tampouco haxa un só euro no Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Orzamentos que como vemos, non recollen ningunha das vellas reivindicacións xa non só do BNG do Carballiño senón do conxunto da veciñanza. Por este motivo entre outros moitos, o BNG xustifica o seu voto en contra a unhas contas que discriminan a Galiza no seu conxunto, e discriminan ao Carballiño en concreto.

Pese a todo, desde o BNG afirman que seguirán a traballar para tentan solventar estas e outras outras moitas carencias existentes a día de hoxe na vila e no resto da comarca.

ESTADO DO AUDITORIO




O BNG denuncia o estado do Auditorio

A nosa concelleira, Sofía García, denuncia en todos os plenos o estado do Auditorio do Carballiño ante a pasividade do grupo de goberno.

O Auditorio do Carballiño é un espazo que se utiliza tanto para obras de teatro e proxectos culturais, como para a proxección de películas, grazas a asociación Cineclube do Carballiño, e tamén parte do seu espazo estase utilizando como conservatorio municipal polo que debería recibir uns coidados e un mantemento axeitado, non presentar os desperfectos que se poden observar na fachada, sobre todo a nivel de humidades e goteiras.

Asina!

Por unha canle
Xabarín Club
24 horas na TVG



A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

#XabarínClub

Por unha canle Xabarín Club na TVG

Dende o BNG apoiase a RECOLLIDA DE SINATURAS para a Proposición Non de Lei de Iniciativa Popular “Xabarín” impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística no Parlamento de Galiza co obxectivo de instar ao goberno galego a tomar as medidas precisas PARA MELLORAR A PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUENIL EN GALEGO.

No Concello do Carballiño recóllense asinaturas nestes establecementos:

Tenda OZOCO | Librería ESCOLMA | ENIAC Informática | ORBALLO formación S.C

¿QUE SE PIDE?

Que a Corporación de Radio de Televisión de Galiza aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas a través dunha canle “Xabarín”, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

Que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

Que a Xunta de Galiza chegue a acordos con outras administracións e empresas (TVE, Movistar, Netflix, HBO,...) co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión

Que realice as accións necesarias para a recepción mutua RTP – TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

¿CÓMO SE PIDE?

A través dunha proposición parlamentaria por Iniciativa Popular. Este mecanismo contemplado na lexislación permite rexistrar unha proposta para ser asumida por algún dos grupos parlamentares e debatida no Parlamento de se reuniren o mínimo de sinaturas requiridas.

PROTEXER VIDAS. SALVAR EMPREGOS. CONSTRUIR FUTURO.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
O CARBALLIÑO

bng.gal

FACEBOOK | **bngocarballino@gmail.com** | INSTAGRAM